

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 02/12/2021 7:56:29
SAIDA 18663/21



Reclamante: [REDACTED] en representación da [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 123/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vistas as reclamacións presentadas por [REDACTED] en representación da [REDACTED] mediante escritos do 19 de agosto de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 18 de agosto de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a contestación recibida con data do 30 de xullo de 2021 de Augas de Galicia e resposta emitida pola Xefatura Territorial de Minas de A Coruña con datas do 6 e 9 de agosto de 2021, de acceso á información sobre o expediente de proxecto de drenaxe temporal na mina de Touro (DH.W15.64849) e contra a falla de contestación pola Xefatura Territorial á solicitude de acceso á informe referente a información sobre o estado da sanción froito da inspección iniciada en xullo de 2018, acceso ao plan de restauración vixente dos terreos da mina pechada, ou calquera outra que estivera en estudo, medidas sancionadoras, proxecto de restauración medioambiental vixente na explotación mineira, comunicacións dos plans de labores, plans de restauración medioambiental presentados e autorizados pola Administración, informes de inspección de seguimento e vixilancia realizados á concesión San Rafael nº 21236 e de seguimento do plan ou plans de restauración, informe das sancións emitidas sobre a dita explotación, Informes de

investigación solicitados sobre a dita explotación dende xaneiro de 2020 a maio de 2021 e indicación da empresa ou grupo de empresas que contan co dereito mineiro.

A Asociación reclamante indicaba que dende a Xefatura Territorial, con datas do 6 e 9 de agosto de 2021, remitiúselles contestación no senso de que con esa mesma data dáselles traslado aos terceiros interesados afectados pola solicitude para os efectos de que no prazo de quince días formulen as alegacións que consideren necesarias, con suspensión do prazo para resolver, e transcorrido o prazo dos 15 días a data da reclamación, non se recibiu resolución nin a documentación solicitada.

Ao escrito presentado o 15 de xullo de 2021 a Augas de Galicia no que se solicitou acceso e información sobre o expediente de proxecto de drenaxe temporal na mina de Touro (DH.W15.64849) a Asociación recibiu o 30 de xullo de 2021, escrito no que se indica son da súa competencia as referentes ás medidas de seguimento e comprobación realizadas por parte dese organismo en relación aos puntos da Resolución de autorización efectuada pola Dirección Xeral en relación ao punto a). Sinala que o solicitante non comunicou o remate da obras, e que o prazo de 12 meses sinalado finaliza o 2/11/2021. Ase mesmo indica que con data 27 de xullo de 2021 a gardaría fluvial, no marco das actuacións de seguimento, efectuou unha visita á zona en cuestión comprobando que non se levaran a cabo os traballos autorizados, estado o proxecto presentado en Augas de Galicia o 28 de xullo de 2021.

A entidade reclamante considera que ante as súas peticións de poder ter acceso ao proxecto de restauración medioambiental vixente nos terreos da mina de Touro por parte da empresa que conta coa concesión e acceso ao estado do expediente, e ante a petición de maneira reiterada de acceso ao novo proxecto de drenaxe presentado pola empresa titular dos terreos os órganos encargados da tramitación (Augas de Galicia e Xefatura Territorial de Minas da Coruña) adoitan responder con evasivas, o que semella querer ganar tempo en favor da mercantil e obviando o interese das organizacións medioambientais baixo o argumento da Lei 19/2013, obviando o dereito de acceso á información ambiental, polo que solicitan acceso por Augas de Galicia e Xefatura Territorial de Minas de Coruña e Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais ao :

- Proxecto de Drenaxe definitivo presentado o 28/7/2021.
- Medidas sancionadoras, que foron adoptadas polos organismos competentes en relación ao expediente sancionador aberto o 30/7/2018. (expedientes Augas de Galicia DH.W15.64849 e Xefatura Territorial minas de Coruña CE2946/07/2018-01)
- Proxecto de restauración medioambiental vixente na explotación mineira en Touro, San Rafael n2 2946 e de existir outro proxecto en estudio ter acceso ao mesmo ou ao posible recurso potestativo de reposición presentado pola empresa Cobre San Rafael SL.
- Comunicacións dos plans de labores da empresa cos que conta ou contou en cada ano, co dereito mineiro dende xaneiro 1988 a maio 2021, ambos incluídos.

- Plans de restauración medioambiental presentados e autorizados pola Administración competente dende o ano 1981 ata 2021 (ambos incluídos).
- Informes de inspección de seguimento e vixilancia realizados á concesión "San Rafael" n2 2946 pola Xefatura Territorial de minas de Coruña dende os anos 1988 ata 2021 (ambos incluídos) e de seguimento do plan ou plans de restauración medioambiental da explotación "San Rafael" n9 2946, con indicación das datas, motivos e resultados.
- Informe das sancións emitidas sobre á explotación "San Rafael" n9 2946 dende os anos 1988 ata 2021 (ambos incluídos) con indicación das datas, motivos das sancións e resultado.
- Informes de investigación solicitados sobre a concesión "San Rafael" n9 2946 dende xaneiro de 2020 a maio de 2021 con indicación da data de solicitude, empresa solicitante e cuadrículas investigadas.
- Indicación por parte da Xefatura Territorial de Minas de Coruña da empresa ou grupo de empresas que contan co dereito mineiro desta concesión dende o ano xaneiro de 1988 ata maio de 2021, con indicación do ano ou período e empresa ou empresas que teñen outorgado este dereito mineiro e ata a o momento actual.:

Os escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do DNI do representante.

Segundo. Con data 20 de setembro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Augas de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude por Augas de Galicia foi o 21 de setembro de 2021, e pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación o 22 do mesmo mes.

Terceiro.- Con data do 5 de novembro de 2021, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación remite copia do expediente e informe sobre a reclamación presentada.

No informe, en síntese, indica que a reclamación presentada ten que ver con tres solicitudes de acceso a información diferenciadas, tramitadas na Xefatura Territorial da Coruña cos números de expediente AIP-MI-SC-2021-34, AI P-MI-SC-2021-100, AIP-M I-SC-2021-113 e que xa foron resoltas na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

En concreto, dúas solicitudes presentadas o 15 de xullo e 4 de agosto de 2021, correspóndense coas tramitadas cos números de expediente AIP-MI-SC-2021-100 e AIP-MI-SC-2021-113, e a presentada con data do 22 de abril de 2021, co expediente AIP-MI-SC-2021-34.

Con respecto á solicitude tramitada como AIP-MI-SC-2021-34, solicitáronse os plans de labores da empresa cos que conta ou contou en cada ano, co dereito mineiro dende xaneiro 1988 a maio 2021, plans de restauración medioambiental presentados e autorizados dende o ano 1981 ata 2021, Plan de restauración medioambiental vixente da concesión San Rafael nº 2946, informes de inspección de seguimento e vixilancia da referida concesión dende os anos 1988 ata 2021, e de seguimento do plan ou plans de restauración medioambiental da dita explotación, con indicación das datas, motivos e resultados, informe das sancións emitidas sobre a explotación dende os anos 1988 ata 2021, informes de investigación solicitados sobre a concesión dende xaneiro de 2020 a maio de 2021 e indicación no período de xaneiro de 1988 ata maio de 2021, da empresa ou empresas que teñen outorgado este dereito mineiro e ata a o momento actual (información que coincide coa sinalada nos puntos 4 a 9 da reclamación presentada ante a Comisión).

De acordo co informe remitido pola Xefatura Territorial, mediante escrito que tivo entrada o 8 de xuño de 2021 a mercantil Cobre San Rafael, S.L. manifesta a súa oposición á solicitude expoñendo unha serie de alegacións.

A información solicitada é información tanto de carácter ambiental, cuxo acceso se rexe pola Lei 27/2006, como non ambiental, cuxo acceso se rexe pola Lei 19/2013, (que se xustifican nas consideracións legais e técnicas da resolución) e sobre a que se ditou resolución pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais con data do 28 de setembro de 2021, permitindo o acceso aos expedientes que constan na Xefatura Territorial correspondentes ao outorgamento e transmisións relativos a concesión de explotación San Rafael 2946 dende o ano 1958, en aplicación da Lei 19/2013, aos expedientes correspondentes a plans de labores e plans de restauración dende o ano 1958, en aplicación da Lei 27/2006, e non permitir o acceso á solicitante aos procedementos sancionadores en tramitación sobre a explotación ao abeiro do artigo 14 e) da Lei 19/2013, polas razóns expostas na consideración legal e técnica 5.

Respecto á tramitada como AIP-MI -SC-2021-100, solicitouse informe das actuacións realizadas pola Dirección Xeral en relación ao cumprimento e seguimento da Resolución do 6 de novembro de 2018 da Xefatura Territorial pola que se aproba o Proxecto de Drenaxe Temporal na mina de Explotación mineira de cobre de Touro, o Proxecto de Drenaxe definitivo presentado pola empresa Explotaciones Gallegas S.L., medidas sancionadoras en relación ao expediente sancionador aberto o 30 de xullo de 2018, Proxecto de restauración medioambiental vixente na explotación mineira en Explotación mineira de cobre de Touro (información que coincide coa sinalada nos puntos 1 a 3 da reclamación presentada ante a Comisión).

Polo contido desta solicitude, enténdese que a asociación pretende que a administración realice unha labor de revisión da documentación que consta nos seus arquivos relativa ao

proxecto de drenaxe temporal para a concesión da explotación e lle entregue un informe elaborado *ex profeso* para a súa solicitude coa información que sinala, polo que procedería a súa inadmisión, pero optouse por unha solución operativa, poñendo a disposición da Asociación para a súa consulta *in situ*, o expediente correspondente ao proxecto de drenaxe temporal para a concesión.

Respecto do acceso ao documento denominado "Proxecto de drenaxe integral da concesión de explotación San Rafael nº 2946 (abril 2021)" dado que o dito documento está actualmente sendo sometido á información pública por parte do organismo de bacía facilítase o enlace para o acceso. En canto a expedientes sancionadores, indícaselle que non consta na Xefatura Territorial ningún expediente sancionador iniciado o 30/07/2018 referente á concesión.

Respecto do plan de restauración vixente e plan de restauración en estudio é manifestamente repetitiva dado que xa foi obxecto da solicitude anterior da mesma asociación, e para a cal emitíuse resolución a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, o 28/09/2021, na que se resolveu permitir o acceso á solicitante en aplicación da Lei 27/2006.

O proxecto do drenaxe temporal para a concesión que se considera información ambiental, está actualmente en información pública, indicando o enderezo electrónico no que pode ser consultado. Inadmitíuse a solicitude no referente aos plans de restauración, vixente e en estudio, da concesión, ao abeiro do artigo 18.1e) da Lei 19/2013, por ser manifestamente repetitiva, e inadmitíuse a solicitude relativa ao expediente sancionador por tratarse de información inexistente.

En canto á tramitada como AI P-M I-SC-2021-113, solicitouse de acordo co disposto na Lei 27/2006 pola que se regulan os dereitos de acceso á información, da participación pública e do acceso á xustiza en materia ambiental e á Lei 1/2016, vista do referido expediente en formato dixital ou acceso a enlace electrónico para consulta dos documentos que obren e poidan seguir incorporándose ao expediente en concreto acceso ao novo proxecto de drenaxe definitivo ao que fan referencia na súa resposta presentado o 28/7/2021 por Explotaciones Gallegas SL/ Cobre San Rafael/ Atalaya Maning ou calquera outra mercantil que actúa no proxecto, coñecer en que situación queda a resolución do proxecto de drenaxe temporal anteriormente aprobado en outubro de 2020 (Expediente CE2946/07/2018-019), información, motivos e estado das sancións en curso que sobre esta mina estean abertas as empresas: Explotaciones Gallegas SL, Cobre San Rafael SL e/ou Atalaya Mining e ao Plan de restauración actualmente vixente co que conte a concesión San Rafael nº 2986 (mina de Touro) e a calquera outra plan de restauración que estea en estudio actualmente por parte dese organismo ou da súa Xefatura Territorial na Coruña.

Consta no informe da Xefatura Territorial que con data do 27 de agosto de 2021, Cobre San Rafael SL e Explotaciones Gallegas SL, presentan sendos escritos nos que manifestan a súa oposición á solicitude expoñendo unha serie de alegacións.

Por resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais do 22 de outubro de 2021 esta solicitude foi inadmitida dado o carácter repetitivo coas solicitudes tramitadas nos expedientes AIP-MI-SC-2021-34 e AIP-MI-SC-2021-100.

Por tanto, considera a Consellería que todas estas solicitudes de acceso foron xa resoltas e notificadas aos interesados e terceiros con dereitos afectados, concedéndose o acceso a toda a información existente que os solicitantes indican, a excepción dos puntos 2 e 7, por referirse a medidas sancionadoras e estar amparada a súa denegación no artigo 14.e) da Lei 19/2013 do 9 de decembro e salvo no caso da información que xa fora obxecto de publicación, o acceso concedido ao resto da información diferiuse en aplicación do artigo 22.2 da Lei 19/2013, ao existir oposición por parte dos terceiros con dereitos afectados.

Considera a Consellería que a práctica totalidade da información que se solicitou pode considerarse como de carácter ambiental, como así se xustifica nas resolucións de acceso a información ditadas, agás a referente aos expedientes de outorgamento e transmisións relativos á concesión da explotación (expediente AIP-MI-SC-2021-34).

O alegado por [REDACTED] referente aos accesos á información, é unicamente á situación que consideran de ocultación, denegación de acceso continuado e falta de transparencia, sobre o que a Consellería indica que se procedeu conforme establece a Lei 19/2013, Lei 1/2016, e Lei 27/2006, do 18 de xullo, en concreto respecto da concreción da información solicitada e da audiencia a terceiros que se poden ver afectados nos seus dereitos e intereses.

O motivo polo que se solicitou con data do 7 de maio de 2021, de aclaración da información solicitada foi por que Cobre San Rafael SL é titular da concesión de explotación San Rafael nº 2946, e por Resolución do 09/03/2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se autoriza a transmisión ao seu favor e cando na solicitude se cita a unha empresa dedicada a actividade de extracción e produción de áridos pode referirse a Explotaciones Gallegas SL ou a Francisco Gómez y Cía SL, a cales son explotadora e contrata, respectivamente, como se recolle nos plans de labores anuais. Respecto das autorizacións ás empresas que desenvolven a actividade de valorización e xestión de residuos, non son competencia da consellería, son autorizacións ambientais sobre as se lle indicaron á Asociación solicitante, os links nos que se pode obter a mesma.

A Asociación solicitante contestou con data do 15 de maio de 2021 ao requirimento, no que non se limita a responder ao requirido senón que amplía de tal xeito a información solicitada

que reformula a súa solicitude aos plans de labores da empresa dende xaneiro 1988 a maio 2021, que se lle informe da data de recepción da presentación do plan de labores, nome da empresa que presenta o plan, recurso e confirmación de autorización si existe dese servizo de recepción ou autorización, plans de restauración medioambiental nas mesmas datas, Plan de restauración medioambiental vixente, Informes de inspección de seguimento e vixilancia realizados á concesión nesas datas e de seguimento do plan ou plans de restauración medioambiental da explotación, informe das sancións emitidas sobre á explotación, Informes de investigación solicitados sobre a concesión dende xaneiro de 2020 a maio de 2021, indicación da empresa ou grupo de empresas que contan co dereito mineiro desta concesión dende 1988, con indicación do ano ou período e empresa ou empresas que teñen outorgado este dereito mineiro e ata a o momento actual, do que pode deducirse que se está a solicitar que a administración realice unha labor de revisión dos centos de expedientes que constan nos seus arquivos dende o outorgamento da concesión da explotación no ano 1958 e se lle entregue un informe elaborado ex profeso para a súa solicitude cos datos que sinala, polo que se considera que se esta a solicitar unha información para o que é necesaria unha labor de reelaboración, xa que sería necesaria unha previa selección e consulta de expedientes (en número non determinado a priori e a maioría en formato papel) susceptibles de atoparse nos supostos indicados, así como a selección e recompilación da información afectada e o tratamento dos datos. indica, así mesmo, que o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña é unha unidade técnica de moi reducidas dimensións que teñen asignadas importantes competencias en materia de xestión do dominio público mineiro, entre elas, no ámbito da seguridade, que non poden ser desatendidas e facer esta reelaboración, implica unha carga administrativa e interfere no normal funcionamento da Administración. de acordo co anterior considerouse unha solución operativa, que garanta os dereitos dos cidadáns de acceso á información, é poñer a disposición da asociación solicitante, para a súa consulta *in situ*, os expedientes correspondentes a plans de labores, plans de restauración, outorgamento e transmisións relativos a concesión da explotación.

En canto a procedementos sancionadores sobre a explotación "San Rafael" n° 2946 dende os anos 1988 ata 2021 (ambos incluídos), indícase que nos arquivos desta Xefatura Territorial constan dous expedientes en tramitación iniciados en maio de 2021.

O artigo 14.e) da Lei 19/2013, recolle que o dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para a prevención, investigación e sanción de ilícitos penais, administrativos e disciplinarios', como sería o caso dun expediente sancionador en tramitación cuxo obxectivo precisamente é determinar se a sociedade titular ou explotadora do dereito mineiro ten algunha responsabilidade administrativa en determinados feitos dos que se tratará de determinar a súa realidade, autoría, alcance e consecuencias xurídicas, polo que dar a coñecer este tipo de información sen que estea concluído o procedemento interferiría neste procedemento sancionador e polo tanto concorrería na información solicitada o límite previsto no apartado e) do artigo 14 da Lei 19/2013.

Por último, en canto aos informes de investigación solicitados sobre a concesión indícase que non consta ningún permiso de investigación solicitado nin outorgado sobre a mesma.

Segundo o criterio da Comisión de Transparencia de Galicia (CTG) establecido na súa Resolución do 27/05/2021 no expediente nº RSCTG 22/2021, os plans de labores trátase de información de contido ambiental.

Así mesmo, o proxecto de drenaxe temporal de augas aprobado por resolución do 06/11/2018 da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a unha autorización de Augas de Galicia, do 28/10/2020, de autorización de obras para o proxecto de drenaxe temporal da mina de Touro e á presentación dun proxecto de drenaxe integral e definitivo, de acordo coa definición legal de información ambiental, lle é de aplicación a Lei 27/2006. Por outra banda, non procede dar acceso a documentos futuros que "poidan seguir incorporándose ao expediente" xa que non se trata de información pública xa que de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 1/2016, a información ten que existir e debe ter sido elaborada ou adquirida no exercicio das funcións.

O acceso ao proxecto de drenaxe definitivo é unha petición repetitiva dado que xa foi obxecto da solicitude anterior da mesma asociación (expediente AIP-MI-SC-2021-100), e para a cal emitiu resolución a Dirección Xeral; a solicitude de acceso aos procedementos sancionadores, xa foi obxecto da solicitude anterior (expediente AIP-MI-SC-2021-034), para a cal emitiu resolución a Dirección Xeral; as peticións sobre plan de restauración vixente e plan de restauración en estudio son manifestamente repetitivas dado que xa foron obxecto da solicitude anterior da mesma asociación (expediente AIP-MI-SC-2021-34), e para a cal emitiu resolución a Dirección Xeral, polo que procede inadmitir a solicitude formulada respecto ao expediente nº: AI P-M I-SC-2021-113, por ser manifestamente repetitiva, resolución que está actualmente en proceso de elaboración e seralle remitida a esa comisión en canto sexa asinada.

Cuarto.- Augas de Galicia non remitiu copia do expediente nin o informe sobre a reclamación solicitado por esta Comisión.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición

adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder

públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que a resolución impugnada ditouse con data do 30 de xullo e 6 e 9 de agosto, e a reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia tivo entrada o 19 de agosto, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A Asociación presentou unha reclamación contra a contestación recibida con data do 30 de xullo de 2021 de Augas de Galicia e resposta emitida pola Xefatura Territorial de Minas de A Coruña con datas do 6 e 9 de agosto de 2021, de acceso á información sobre o expediente de proxecto de drenaxe temporal na mina de Touro e contra a falla de contestación pola Xefatura Territorial, á solicitude de acceso á informe referente a información sobre o estado dunha sanción, acceso ao plan de restauración, proxecto de restauración medioambiental vixente, plans de labores, plans de restauración medioambiental informes de inspección de seguimento e vixilancia dos mesmos e das sancións emitidas.

A Consellería no seu informe indica que a reclamación da Asociación fai referencia a tres solicitudes distintas.

Na primeira, solicitáronse os plans de labores da empresa, plans de restauración medioambiental e informes de inspección de seguimento e vixilancia do plan ou plans de

restauración medioambiental da dita explotación, informe das sancións sobre a referida explotación e acceso aos expedientes correspondentes ao outorgamento e transmisións da concesión de explotación.

Parte da informe solicitada (plans de labores da empresa, Plans de restauración medioambiental e seguimento dos mesmos), é información que de acordo co disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente e de acordo co informe da Xefatura Territorial, é información ambiental, xa que entra dentro da definición establecida no artigo 2.3 da citada Lei que a define como toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre o estado dos elementos do medio ambiente (aire, atmosfera, a auga, o chan etc..) os factores, tales como substancias, enerxía, ruído etc. que afecten ou poidan afectar os elementos do medio ambiente citados anteriormente, as medidas, incluídas as medidas administrativas, como políticas, normas, plans, programas e acordos en materia de medio ambiente, os informes sobre a execución da lexislación ambiental, o estado da saúde e seguridade das persoas, condicións de vida humana, bens do patrimonio histórico, cultural e artístico e construcións.

Debe por tanto de conformidade co disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, tramitarse esta solicitude, ao ter esta materia previsto un réxime xurídico específico, tanto no procedemento de acceso á información como nos procedementos de recurso, pola súa normativa específica, e supletoriamente, no non previsto, pola normativa en materia de transparencia, carecendo esta Comisión de competencia para resolver por tanto a reclamación presentada no referente á materia ambiental.

Respecto da solicitude de acceso aos expedientes correspondentes ao outorgamento e transmisións relativos a concesión, a Dirección Xeral ditou resolución permitindo o acceso aos mesmos, e en canto aos procedementos sancionadores en tramitación sobre a explotación, resolveu non conceder o acceso, dado que se trata de expedientes sancionadores en tramitación cuxo obxectivo é determinar se a sociedade titular ou explotadora do dereito mineiro ten algunha responsabilidade administrativa en determinados feitos dos que se tratará de determinar a súa realidade, autoría, alcance e consecuencias xurídicas, polo que dar a coñecer este tipo de información sen que estea concluída o procedemento interferiría no seu resultado.

En materia de acceso á información pública a regra xeral é a de permitir o mesmo, mentres que a aplicación dos límites debe entenderse de forma restritiva e procede unicamente nos casos nos que a concesión da información supoña un prexuízo claro e concreto superior ao interese do seu acceso.

Tal e como xa afirmou a xurisprudencia, os límites de acceso á información enumerados no artigo 14 e) e f), como a que neste caso nos ocupa, non están definidos, senón que constitúen conceptos xurídicos indeterminados cuxa relevancia e transcendencia deben ser concretadas en cada caso, ponderando os intereses en conflito, como a norma indica. Por tanto para a aplicación deste límite, débese demostrar que o acceso á información solicitada supón un prexuízo para a prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios e a igualdade das partes nos procesos xudiciais.

Tanto as normas xurídicas aplicables, a xurisprudencia e a doutrina non ofrecen dúbida de que á hora de limitar o dereito de acceso a información pública, o relevante é a xustificación que realiza a administración, que debe estar baseada nunha ponderación de intereses -o interese no acceso e o interese concreto que se protexe co límite- aplicada ao suposto concreto que se axuíza.

A aplicación do referido límite ten como obxectivo asegurar a investigación e persecución de ilícitos, neste caso administrativos, límite que pode invocarse cando se trate de evitar que o acceso á información poida ser prexudicial ás investigacións, conducir á destrución de probas e impedir un bo fin da investigación. Este é, en definitiva, o ben xurídico protexido polo límite previsto no artigo 14.1.e) da Lei 19/2013: asegurar o bo fin de todos os actos de investigación que se poden chegar a realizar, que ten sentido mentres os procedementos de investigación ou sanción están abertos, xa que a difusión da información que os integra podería influír na súa resolución e mesmo ou facilitar que os investigados ou os presuntos infractores puidesen eludir as súas responsabilidades.

No presente caso, a Consellería xustifica a aplicación do límite en que os expedientes sancionadores están en tramitación e darlles acceso podería prexudicar a determinación da realidade dos feitos, autoría, alcance e consecuencias xurídicas, polo que se considera correcta a aplicación do límite.

Respecto da solicitude de acceso tramitado como AIP-MI -SC-2021-100, dado que o seu contido é referente a un proxecto de drenaxe na mina e ao proxecto de restauración medioambiental, con independencia de que a Consellería considere que a asociación pretende que a administración realice unha labor de revisión da documentación e lle entregue un informe elaborado ex profeso, e por tanto podería inadmitirse pola necesidade de reelaboración da información, deben considerarse que constitúen tamén información ambiental, polo que non corresponde polos motivos expostos, que a Comisión da Transparencia se pronuncie sobre o mesmo.

O mesmo sucede respecto ao acceso ao expediente AIP-MI-SC-2021-113, solicitado conforme á Lei 27/2006.

En canto a afirmación da Asociación reclamante de que o feito de que se lles solicite que aclaren a súa solicitude ou que se abra un trámite de alegacións para que as entidades cuxos dereitos ou intereses poidan resultar afectados polo acceso sexa *responder con evasivas, o que semella querer ganar tempo en favor da mercantil e obviando o interés das organizacións medioambientais baixo o argumento da Lei 19/2013 obviando o dereito de acceso á información ambiental*, non pode aceptarse, por canto, cando unha solicitude está formulada de forma confusa, inconcreta ou xenérica, a Administración ten a obriga, de conformidade co disposto no artigo 19.2 da Lei 19/2013, de solicitar ao interesado que a concrete no prazo de dez días, con indicación de que en caso de que non o faga, se lle terá por desistido da súa solicitude.

Así mesmo, si a información solicitada pode afectar a dereitos ou intereses de terceiros, debidamente identificados como sucede no presente caso, de conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, a Administración ten a obriga de abrir un trámite de audiencia para que poidan realizar as alegacións que estimen oportunas.

Nos casos como no presente nos que existiu oposición dos terceiros interesados, de conformidade co disposto no artigo 22.2 da norma, o acceso só terá lugar cando, concedéndose devandito acceso, transcorre o prazo para interpoñer recurso contencioso administrativo sen que se formalizase ou fose resolto confirmando o dereito para recibir a información. A dita previsión ten como obxectivo, en última instancia, que a información non sexa accesible en prexuízo de dereitos ou intereses de terceiros no procedemento, de tal maneira que as posibles vías de recurso se vexan desnaturalizadas.

En canto á reclamación contra a resolución dada por Augas de Galicia á solicitude de acceso á información sobre o expediente de proxecto de drenaxe temporal da mina, se ben o dito organismo non remitiu informe e copia do expediente solicitado, o seu contido pode considerarse información ambiental, polo que debe ser o dito organismo o que resolva a reclamación presentada de acordo co disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente.

De acordo co anterior, procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada, sen prexuízo de que se o reclamante o estima conveniente, poida presentar reclamación ante esta Comisión fronte á resolución expresa ditada pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación e na tramitación da mesma poidan ser analizados os seus argumentos, pronunciándose a resolución que corresponda.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión de Transparencia

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por ██████████ en representación da ██████████ no referente á información solicitada que non ten carácter ambiental, de acordo co fundamento xurídico quinto desta resolución, contra a contestación recibida con data do 30 de xullo de 2021 de Augas de Galicia e resposta emitida pola Xefatura Territorial de Minas de A Coruña con datas do 6 e 9 de agosto de 2021, sobre a San Rafael nº 2946.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.12.01 14:02:16 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.